

XXIII CROSS GUILLELME BROWN 1 de decembro de 2018

O sábado 1 de decembro de 2018 celebrarase o "**XXIII Cross Guillelme Brown**", atendendo ás seguintes normas:

1.- HORARIO, CATEGORÍAS E PERCORRIDO:

| Hora | Categoría | Ano de nacemento | Distancia |
|-------------|---|-------------------------|--------------------|
| 10:30 | Cadete Sub 16 Feminino Xuvenil Sub 18 Feminino | 2004-2005 2002-2003 | 3 voltas (2.520m) |
| 10:45 | Cadete Sub 16 Masculino Xuvenil Sub 18 Masculino | 2004-2005 2002-2003 | 4 voltas (3.360 m) |
| 11:00 | Infantil Sub 14 Feminino | 2006-2007 | 2 voltas (1.680 m) |
| 11:15 | Infantil Sub 14 Masculino | 2006-2007 | 3 voltas (2.520 m) |
| 11:30 | Alevín Sub 12 Feminino | 2008-2009 | 1 volta (840 m) |
| 11:45 | Alevín Sub 12 Masculino | 2008-2009 | 2 voltas (1.680 m) |
| 12:00 | Benxamín Sub10 Feminino | 2010-2011 | 1 volta (840 m) |
| 12:10 | Benxamín Sub10 Masculino | 2010-2011 | 1 volta (840 m) |
| 12:20 | Prebenxamín | 2012 e posteriores | 400 m |
| 12:30 | Pais, nais e profesores do colexio | | 2 voltas (1.680 m) |
| 12:45 | Absoluta | 2001 e anteriores | 5 voltas (4.200 m) |
| 13:30 | Entrega de trofeos | | |

O percorrido, parte terra e herba, parte asfalto, realizarase no interior do recinto escolar.

2.- PARTICIPACIÓN:

Poderán participar atletas federados con licencia en vigor para a tempada 2018/2019 e todos os colexios, clubs e asociacións convidadas ao efecto cun só equipo por categoría sen número límite de corredores/as, e calquera atleta que o desexe a nivel individual.

3.- INSCRICIÓN:

As inscricións, dos deportistas federados, realizaranse polos clubs na intranet da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>), antes das 23:59 horas do martes día 27 de novembro.

As inscricións, dos deportistas non federados menores e adultos realizaranse por medio da pasarela habilitada en www.carreirasgalegass.com antes das 23:59 horas do martes 27 de novembro.

A Organización establece un límite de 500 inscricións.

4.- DORSAIS:

Os dorsais serán facilitados pola organización e entregaranse 30 minutos antes do inicio do Cross.

5.- CLASIFICACIÓN:

Establécense dúas clasificacións:

- a) **Individual:** segundo a orde de entrada en meta.
- b) **Por equipos:** sumando os puntos obtidos polos catro atletas mellor clasificados/as de cada equipo, resultando vencedor o equipo que sume menor número de puntos.

6.- PREMIOS E TROFEOS:

- a) Trofeo aos dous mellores equipos clasificados nas categorías benxamín, alevín, infantil e cadete, tanto masculino como feminino.
- b) Medalla aos tres primeiros/as clasificados/as en cada categoría.
- c) Bolsas a todos os participantes que cheguen á meta.

A **clasificación** será individual e por categorías (Prebenxamín, benxamín/sub10, alevín/sub12, infantil/sub14, cadete/sub16, xuvenil/sub18 e absoluta, tanto masculino como feminino).

7.- OUTROS APARTADOS:

1. Debido ao carácter popular e sobretodo gratuíto da proba, o colexio contará con bolsas deportivas como agasallo para os participantes, que serán preferentemente para as categorías escolares e para os adultos en función da súa orde de chegada e ata acabar as existencias.
2. Os corredores/as deberán situarse na zona de saída cinco minutos antes do inicio, unha vez avisados polos xuíces.
3. Aqueles corredores que posúan licencia federativa deberán indicar na ficha de inscrición o seu número.
4. Ao longo do percorrido haberá controis a cargo da organización.
5. O colexio Guillelme Brown facilitará un autocar para desprazamento dos equipos da cidade que presenten un mínimo de 30 participantes.
6. Aqueles aspectos que non contemple este regulamento serán decididos tendo en conta o regulamento da Federación Galega de Atletismo.

OUTRAS DISPOSICIÓNS

ASISTENCIA MÉDICA E SEGUROS: A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta desde unha hora antes do comezo das probas e ata media hora despois da finalización. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

SEGURO: Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecimento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante

cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO: Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

***NOTA:** Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Dtos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña*

"A Merteira", 9 de novembro de 2018.

A DIRECTORA

Asdo.- M^a Montserrat Couñago Amoedo